

## Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

### LISTA DE ASISTENTES

Xose Bahamonde Silva, Vicente Badenes Pla, Alberto Dafonte Gómez, Ana Belén Fernández Souto, Sergio Frade, Oswaldo García Crespo, Silvia García Mirón, Beariz Legerén Lago, Jorge Lens Leiva, Carmen López de Aguilera Clemente, José Manuel Fernández López, María Isabel Martínez Martínez, Luis Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez Gonzalez, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena Rodríguez, Román Pereiro Rodríguez-Lepina, Diana Ramahi García, Fortunato Rodríguez Rodríguez, Talía Rodríguez Martelo, Jose Octavio Rodríguez Nieto, Jose Rúas Araujo, Montserrat Vázquez Gestal.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Javier Abuín, Juan Manuel Corbacho e Emma Torres.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o xoves 18 de maio de 2023, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e as 13:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da Facultade de Comunicación coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 9 de xaneiro de 2023.

A profesora Ana Amorós solicita a inclusión en acta da súa desculpa por non asistir, que non se fixo constar con motivo da anterior reunión.

Apróbase a acta por asentimento, incluíndo esta cuestión.

#### 2.- Informe do director.

O director pasa a informar sobre os seguintes puntos:

- **Producción científica.** Debido a problemas administrativos non e posible facer o cálculo da produción científica de este ano, polo que se permite que se dispoña para cada un dos docentes a mesma cantidade que o pasado ano, recomendando que non se gaste a totalidade por si en futuros axustes fose preciso devolver parte do gastado por cada docente.
- **POD.** O director adiante que na elaboración do POD deste ano foi preciso seguir a nova lei de universidades aprobada. Os maiores cambios atópanse en:

- horas de dedicación do profesorado asociado. En dous anos a máxima docencia que poderá impartir serán 120 horas anuais.
- As novas prazas de profesor Axudante Doutor, terán un máximo de 180 horas de docencia. Non será imprescindible ter a acreditación a Axudante Doutor, anque si será valorado positivamente nas prazas a concurso na universidade de Vigo
- Outro aspecto importante será o tamaño medio dos departamentos que coa nova terán que estar constituídos por un mínimo de 35 profesores a tempo completo, dos que 12 de eles terán que ser catedráticos ou titulares.
  - O director confirma que na actualidade os membros a tempo completo do departamento son 26 e que, en consecuencia, cos cambios na docencia que afectan tamén aos asociados será factible sacar máis prazas para docentes a tempo completo no futuro.
- A continuación, o Director informa que o Profesor Paniagua Rojano, da Universidade de Málaga, foi invitado no departamento, e que a partires do 1 de Xuño estará tamén connosco a profesora Evelyn Beltrán Rojas, da Universidade de Rennes2.
- Finaliza o seu informe falando do e-mail remitido pola Decana do centro, no que se fala da invitación aos profesores do noso departamento como integrantes do Doutoramento de Comunicación -coordinado e formado maioritariamente por profesores de Filoloxía-.
  - O profesor Alberto Pena pide intervir para comentar que os termos da invitación no son novos, xa que deben ser cada docente a título individual o que o solicite e deben pasar por una avaliación dos seus méritos por parte dunha comisión.
  - Engade que coa a nova lei vaise crear una área científica denominada "Comunicación e Información" e que moi posiblemente si non acadamos o mínimo de 35 profesores a tempo completo que esixe a nova lei, si aceptamos esta oferta poderían obrigarnos a integrarnos como departamento único, cos docentes de Filoloxía.
  - A profesora Ana Belén Fernández Souto, comenta que os criterios da comisión do doutoramento deben ser os que marca a lei.
  - Finalmente decídese solicitar á Decana que informe das accións realizadas neste aspecto.

### **3.- Aprobación, se procede, da proposta de POD para o curso 2023-24**

O Director recorda os puntos anteriormente mencionados e foron tidos en conta na elaboración do POD. E pasa a palabra a secretaria que pasa a comentar algúns aspectos sobre os que o Consello de Departamento debe pronunciarse.

Unha das normas para a elaboración do POD este ano foi que todas as materias do primeiro cuadrimestre tivesen docente asignado para os meses de setembro e outubro, xa que os prazos administrativos son lentos e é preciso asegurar a docencia.

Xa que unha vez elixida e asignada toda a docencia entre os membros do mesmo, contamos con dúas materias do primeiro cuadrimestre sen docente. Unha do grado de Publicidade y Relaciones Publicas, y outra do Grado de Comunicación Audiovisual.

P04-G190906	Publicidade, artes gráficas e tipografía	OP	1SG	25	30	20
<b>TOTAL:</b>				<b>75</b>		

P04-G071311	Posproducción audio	OP	1SG	25	50	0
<b>TOTAL:</b>				<b>75</b>		

Propónse que sendo ámbalas dúas materias optativas pódense desactivar este curso. Debátese sobre a situación, e a profesora Silvia García Mirón recorda que debemos cumprir coas obrigas da PAD o que implica ofertar todas as optativas do grado de Comunicación para que os alumnos poidan escoller. Esta obriga a reiteran os docentes Fortunato Rodríguez é Oswaldo García Crespo, xa que debido a erros na PDA, do pasado curso os alumnos tiveron menos optativas das que correspondía e comprometéronse con eles que *posproducción de audio* sería unha delas. A profesora Silvia García Mirón fala tamén da falla de previsión que obrigará a convocar moitas prazas de profesorado en pouco tempo, ao que o director do Departamento resposta lembrando reunións anteriores do Consello, nas que se pedía, expresamente, prudencia á hora de sacar prazas a concurso, pese a dispoñer de suficientes horas de folgura para facelo, e da nova situación provocada pola aprobación da lei, nos últimos meses.

Tamén se debate sobre a situación do grao de Comunicación que dende fai tempo ten problemas coa asignación da docencia, xa que conta cun gran número de profesores asociados e coa aplicación da nova lei, será necesario sacar máis prazas a tempo completo cos perfís axeitados para impartir docencia nas diferentes materias do grao, xa que os asociados verán reducida súa participación no grado en detrimento de consolidación de profesorado a tempo completo.

Por outra banda, débese sobre os criterios dos profesores asociados na escolla de materias xa que debe primar que coincidan co seu perfil de entrada na titulación e non

en base os posibles horarios ou outros criterios, tal como indica a profesora Beatriz Legerén. Finalmente a profesora Montserrat Vázquez sinala que o departamento somos todos e a responsabilidade sacar ou non prazas a concurso foi sempre de todos os integrantes do mesmo, e propón que, da mesma forma que se fai noutros departamentos, sexa o departamento o que decida, directamente, a docencia dos asociados no momento de facer o POD, en caso de que non se chegue a acordo.

A profesora Diana Ramahí di que no momento de facer o POD e importante evitar que materias que teñen 75 horas de docencia sexan impartidas por 3 docentes. Xa que non redunde no beneficio dos estudantes fragmentar tanto as materias.

Aprobase o POD por asentimento

#### 4.- Aprobación, se procede, da saída de prazas de profesorado e das Comisións Específicas de Área correspondentes.

Trala aprobación do POD e necesario sacar a concurso as seguintes prazas.

#### Praza de Axudante Doutor

AX2	TC	180		P04-G190504	Producción publicitaria en medios audiovisuais	OB	2SG	25	20	15
				P04-G190404	Redacción e locución publicitaria	OB	1SG	0	60	40
				P04-G190904	Comunicación de crise	OP	1SG	0	15	5
				TOTAL:				180		

A Comisión Específica da Área para a Praza e a seguinte:

CEA Axudante Doutor		
	Títular	Suplente
Presidente	Xosé Rúas Araujo	Beatriz Legerén Lago
Secretario	Isabel Martínez Martínez	Julinda Molares
Vocal	Beatriz Legerén	Vicente Badenes
Vocal	Mónica Valderrama	Monserrat Vázquez
Vocal	Iván Puentes	Ana Belén Fernández Souto

## Dúas Prazas de Asociado/s para impartir as materias de son.

Asociado(1)	<b>A3</b>	<b>P4</b>	<b>120</b>	P04- G071208	Expresión sonora	OB	2SG	15	50	0
				P04- G071311	Posproducción audio	OP	1SG	15	30	0
TOTAL:								<b>110</b>		
Capacidade restante:								10		
Asociado (2)	<b>A3</b>	<b>P3</b>	<b>90</b>	P04- G071208	Expresión sonora	OB	0	10	50	0
				P04- G071311	Posproducción audio	OP	1SG	10	20	0
TOTAL:								<b>90</b>		
Capacidade restante:								0		

Será a mesma Comisión Específicas de Area para as dúas prazas:

	<b>CEA Asociado</b>	
	<b>Titular</b>	<b>Suplente</b>
<b>Presidente</b>	Fortunato Rodríguez	Xosé Rúas
<b>Secretario</b>	Oswaldo García Crespo	Beatriz Legerén
<b>Vocal</b>	Isabel Martínez	Carmen Máiz
<b>Vocal</b>	Octavio Rodríguez	Iván Puentes
<b>Vocal</b>	Silvia García Mirón	Alberto Dafonte

## Lista de agarda

Ademais e preciso xerar unha nova lista de agarda da que sairá a docencia para os contratos coa seguinte docencia :

Lista de Agarda (1)	<b>A3</b>	<b>P4</b>	<b>120</b>	P04- G071302	Posproducción I	OB	1SG	0	62	0
				P04- G190405	Teoría e práctica da comunicación televisiva	OB	2SG	50	10	0
TOTAL:								<b>120</b>		
Capacidade restante:								0		
Lista de Agarda (2)	<b>A3</b>	<b>P5</b>	<b>150</b>	P04- G190906	Publicidade, artes gráficas e tipografía	OP	1SG	25	30	20
				P04G190402	Extratexias de comunicación Publicitaria	OB	2SG	50	25	
TOTAL:								<b>150</b>		

				Capacidade restante:					0		
Lista de Agarda (3)	A3	P6	90	P04G190402	Extratexias de comunicación Publicitaria	OP	2SG	0	30	40	
				P04-G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG		15		
				TOTAL:					85		
				Capacidade restante:					5		
Lista de Agarda (4)	A3	P6	90	P04-G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG	0	45	40	
				TOTAL:					85		
				Capacidade restante:					5		

A CEA para a xeración de lista de agarda e a seguinte:

	CEA Lista de Agarda	
	Títular	Suplente
<b>Presidente</b>	Xosé Rúas	Mónica Valderrama
<b>Secretario</b>	Beatriz Legerén	Julinda Molares
<b>Vocal</b>	Iván Puentes	Vicente Badenes
<b>Vocal</b>	Montserrat Vázquez	Montserrat Vázquez
<b>Vocal</b>	Ana Belén Fernández Souto	Ana Belén Fernández Souto

Aprobáanse

### 5.- Asuntos de trámite

Non hai asuntos de trámite.

### 6.- Rolda de intervencións

Non constan

Sen nada mais que tratar, pechase a sesión as 14:25

Pontevedra 18 de maio do 2023

O director do deptº

José Rúas Araújo



Secretaria do dptº

Beatriz Legerén Lago